

## MEMORIA EXPLICATIVA

### **ACORDO DE PRÓRROGA PARA O ANO 2026 DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTÓN CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (XUNTA DE GALICIA) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL "FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY" NA CORUÑA.**

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024 do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

Para levar a cabo o servizo de acollemento residencial de menores tutelados ou en garda, a Xunta de Galicia conta con equipamentos propios que de todos os xeitos son insuficientes para levar a cabo servizo e cubrir as necesidades, polo que a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica promove a colaboración doutras entidades sexan públicas ou privadas que por razón do seu obxectivo e realización de actividades, teñen relación directa coa atención de menores, sempre e cando estas contén coa oportuna autorización administrativa.

A Deputación Provincial da Coruña, con NIF P1500000C e rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-1335 dispón, entre os seus recursos asistenciais, dun establecemento denominado Fogar Infantil Emilio Romay, sito na Avenida Ferrocarril, nº 43 da Coruña, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de Centro con Fogares.

A insuficiencia expresada máis arriba xustificou a sinatura, con data 30 de decembro de 2022, dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude (actual Consellería de Política Social e Igualdade), e a Deputación Provincial da Coruña para a atención de menores no citado centro.

Na cláusula décima do convenio establécese a vixencia ata o 31 de decembro de 2023 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano, ata un límite de catro anos, todo iso condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.



Con data do 29 de decembro de 2023 foi asinada unha prórroga do convenio con vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Con data do 30 de decembro de 2024 foi asinada unha prórroga do convenio con vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Ao manterse na actualidade a insuficiencia de medios propios para levar a cabo o servizo de acollemento residencial de menores, as partes asinantes do convenio acordan darlle continuidade mediante un acordo de prórroga para o ano 2026 (ata o 31 de decembro de 2026), co mesmo número de prazas que as contempladas inicialmente e un importe de 325.904,85 €. O prazo de duración desta prórroga será desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

O custo deste acordo de prórroga farase con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228 por un importe de 325.904,85 €, non establecéndose revisión do prezo neste suposto.

De acordo coa Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ao ter unha obriga de gasto superior a 150.000,00 € o acordo de prórroga do convenio deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, solicítanse informes previos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada sobre se o texto do acordo de prórroga do convenio cumpre coa normativa vixente.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

*(Asinado dixitalmente)*

